

# CAMPEONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE ORIENTACIÓN

11/Abril/2015

## BOLETÍN 1

**Organizador:** USC Orientación

**Dirección:** Xosé Luis Veiga, Gonzalo Brenlla

**Equipo técnico**

- **Cartografía:** Valentín Vladimirov, revisión Ignacio Sordo
- **Percorrido:** Ignacio Sordo
- **Balizado:** Pilar Veiga, Ignacio Sordo, Santiago Fraga
- **Sport Ident:** José Ramón Pacheco, Santiago Fraga

Achegamos un boletín informativo da proba

### HORARIO


- 9:30 – Apertura da secretaría
- 10:30 – Saída dos primeiros corredores
- 13:30 – Entrega de trofeos e clausura.


## ZONA DE COMPETICIÓN

A zona de competición está situada na Granxa do Xesto, no Monte Pedroso en Santiago de Compostela

<https://www.google.es/maps/@42.695506,-8.9345391,3170m/data=!3m1!1e3>

Situación: 42°41'44" N – 8°55'58" W





- Estará sinalizado dende o cruce da Rúa das Galeras coa Costa de Santa Isabel (ao lado do Campo de Fútbol de Santa Isabel).
- Dende o sur ou norte pola AP-9 saídas NORTE / SUR. Dirixirse á zona oeste da cidade.
- Accédese dende a Rúa das Galeras.
- No semáforo situado no cruce da Rúa das Galeras e Costa de Santa Isabel coller dirección Casas Novas.
- Continuar a rúa de Casas Novas 1´2 kms. ata a Granxa do Xesto. O coche haberá que aparcalo na parte dereita da pista que une Casas Novas (500/800m. da Zona de Concentración) coa Granxa do Xesto.
- O Monte Pedroso é visible dende esa parte da cidade.

## MAPA

- Monte Pedroso
- Escala: 1:10000
- Equidistancia: 5 m.
- N° de rexistro: C- 699-04

Zona de bosque atlántico de perfecta penetrabilidade, con áreas abertas que mesturan a matogueira que dificultan e/ou impiden a carreira con plantacións recentes, de excelente visibilidade e facilidade de carreira. A rede de camiños é extensa. Existen detalles de roca en diferentes zonas do mapa e diversas construcións humanas. Nalgunhas zonas o desnivel é moderado

## PERCORRIDO

Os trazados evitan as zonas de vexetación que impiden a carreira (aínda así pode ser recomendable usar pantalón e camisola longos).

Todos os puntos de control están á vista, ben a baliza ben o elemento no que se encontra. Non é necesario procurar entre a maleza nen meterse a ela.

Nalgunha zona puntual, a vexetación indicada no mapa pode non coincidir exactamente coa vexetación do terreo.

Hai numerosos paneis interpretativos espallados polo Monte Pedroso. Estes non aparecen sinalados no mapa.

O trazado procura mesturar a velocidade de carreira cunha rápida lectura de mapa e treitos de dificultade variable. Poderanse aplicar todas as técnicas de orientación que o terreo permite.

O percorrido será único para homes e mulleres.

DISTANCIA	BALIZAS	DESNIVEL
4,3 km	22	265

## INFORMACIÓN ECOLÓXICAMENTE MOI IMPORTANTE

A zona de competición é un espazo natural de importancia para a cidade. Por elo, está **terminantemente prohibido atravesar as zonas indicadas no mapa como prohibidas**. O incumprimento desta norma supón a DESCALIFICACIÓN inmediata do participante.

**Tirar ao chan desperdicios non orgánicos antes, durante ou despois da competición** en toda a área de competición (saída, chegada, aparcamento ou mapa) supón a descalificación do corredor/a.

## INSCRIPCIÓNS

O prazo de inscrición remata o día 7 de Abril as 14:00h.

As inscricións para o campeonato universitario serán xestionadas por cada universidade de xeito individual.

Adicionalmente, poderán inscribirse para un adestramento non oficial, os orientadores federados que o desexen, usando o formulario da seguinte dirección:

[http://www.usc.es/gl/servizos/deportes/modules/events/event\\_0003.html](http://www.usc.es/gl/servizos/deportes/modules/events/event_0003.html)

O percorrido do adestramento será o mesmo que para o campeonato universitario. Na organización das saídas darase preferencia os competidores inscritos no campeonato oficial.

## INFORMACIÓN DE INTERÉS

- Empregarase o sistema de control electrónico *SPORTIDENT*
- É necesario limpar e comprobar a tarxeta SI na zona de saída
- Os corredores que non dispoñan de pinza terán que recollela previamente na secretaría da proba. Unha vez rematada a proba e feita a descarga do seu percorrido, deberán devolvela á organización.
- Se por calqueira circunstancia un corredor non remata o seu percorrido, e obrigatorio igualmente pasar pola zona de descarga para que á organización sepa que non segue na proba.

ORGANIZA



SERVIZO DE DEPORTES

COLABORA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE  
DE VIGO